

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

740 *Real decreto 29/2011, do 14 de xaneiro, polo que se modifican o Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas, e o Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.*

A Comisión Europea sinalou que a delimitación das demarcacións hidrográficas é un requisito imprescindible para a posta en práctica da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario no ámbito da política de augas. Esta delimitación constitúe un requisito previo para a xestión da auga para efectos da aplicación da mencionada Directiva marco da auga.

O concepto de demarcación hidrográfica establecido por esta directiva debe ser o que se teña en conta á hora de realizar a delimitación, de maneira que se debe basear en límites hidrolóxicos. A Comisión Europea engade que esta obriga está estreitamente relacionada coa designación das autoridades competentes nas demarcacións hidrográficas que constitúen a principal unidade para efectos da xestión das bacías hidrográficas.

A Sentenza do 7 de maio de 2009, do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, obriga o Reino de España a delimitar as demarcacións hidrográficas do seu territorio que aínda non o fosen e designar as correspondentes autoridades competentes. Así mesmo, o Ditame motivado 2003/2009 que a Comisión Europea dirixe ao Reino de España en virtude do artigo 258 do Tratado de funcionamento da Unión Europea considera que se incumpriu, entre outras, a obriga prevista no artigo 3 da Directiva marco da auga de delimitar as demarcacións hidrográficas de acordo cos criterios establecidos na dita directiva.

O cumprimento por parte do Reino de España desta obriga imposta pola Directiva marco da auga resulta particularmente complexo en determinados ámbitos territoriais en que é necesario conciliar os criterios comunitarios para proceder á delimitación das demarcacións hidrográficas coa orde interna de distribución de competencias en materia de augas entre o Estado e as comunidades autónomas.

Coa finalidade de resolver a complexidade inherente á delimitación das demarcacións hidrográficas pendentes de acordo coa Directiva marco da auga e o ordenamento xurídico interno, faise necesario proceder a modificar a actual delimitación da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico prevista no artigo 3 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas, en que se exclúan certas subbacías hidrográficas e as augas de transición e augas costeiras asociadas a certas bacías.

Mediante este real decreto procédese a delimitar a Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Occidental e a Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Oriental, en cumprimento das prescricións da mencionada Directiva marco da auga e do artigo 16 bis do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo. A parte terrestre da nova Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Oriental coincide practicamente co ámbito territorial do Plan Hidrolóxico do Norte III aprobado en 1998.

A modificación que introduce este real decreto realízase con estrito respecto das competencias estatais e autonómicas, aínda que é necesario prever un mecanismo de coordinación entre as diferentes autoridades competentes no ámbito da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Oriental para garantir a realización do principio de unidade de xestión.

Así mesmo, a delimitación da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Oriental debe ter o seu reflexo na determinación do ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Cantábrico, polo que se modifica o número 1 do artigo 1.º do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.

Na delimitación da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Oriental, como solución para culminar o proceso de delimitación das demarcacións hidrográficas imposto pola Directiva marco da auga, considerouse necesario, en particular, contar co acordo da Comunidade Autónoma do País Vasco ao afectar a nova demarcación un ámbito territorial en que esta posúe competencias en materia de augas, de acordo co seu estatuto de autonomía, tendo asumido o seu exercicio efectivo mediante o Real decreto 1551/1994, do 8 de xullo, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma do País Vasco en materia de recursos e aproveitamentos hidráulicos.

Por outra parte, a delimitación da nova Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Occidental realízase de acordo cos termos do Real decreto 1792/1986, do 30 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de obras hidráulicas. Non obstante, o carácter limítrofe desta demarcación coa Demarcación Galicia Costa aconsella establecer mecanismos que garantan a cooperación entre ambas as autoridades competentes.

Este real decreto recibiu o informe do Pleno do Consello Nacional da Auga e foi consultado coas comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de xaneiro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.*

Un. Inclúese un novo número 4 ao artigo 2 coa seguinte redacción:

«4. Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Occidental. Comprende o territorio das bacías hidrográficas dos ríos que verten ao mar Cantábrico desde a bacía do río Eo ata a bacía do Barbadun, excluídas esta última e a interbacía entre a do regato de La Sequilla e a do río Barbadun, así como todas as súas augas de transición e costeiras. As augas costeiras teñen como límite oeste a liña con orientación 0º que pasa pola Punta de Peñas Blancas, ao oeste do río Eo, e como límite leste a liña con orientación 2.º que pasa por Punta del Covarón, no límite entre as comunidades autónomas de Cantabria e do País Vasco.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 3, que quedará redactado como segue:

«2. Parte española da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Oriental. Comprende o territorio das bacías hidrográficas dos ríos que verten ao mar Cantábrico desde a bacía do Barbadun ata a do Oiartzun, incluíndo a interbacía entre a do regato da Sequilla e a do río Barbadun, así como todas as súas augas de transición e costeiras, e o territorio español das bacías dos ríos Bidasoa, incluíndo as súas augas de transición, Nive e Nivelles. As augas costeiras teñen como límite oeste a liña de orientación 2.º que pasa por Punta del Covarón e como límite leste a fronteira entre o mar territorial de España e Francia.»

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional quinta, que quedará redactada como segue:

«Disposición adicional quinta. *Delimitación da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Oriental.*

A delimitación da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Oriental realízase en cumprimento da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, sen prexuízo das competencias que corresponden á Comunidade Autónoma do País Vasco, coa cal se coordinará a planificación e xestión hidrolóxica nos termos previstos na disposición adicional sexta deste real decreto.»

Catro. Engádesse unha nova disposición adicional sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Coordinación da planificación e xestión da auga na Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Oriental.*

1. A planificación e a xestión da auga na Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Oriental deberá ser realizada de forma coordinada pola Administración xeral do Estado, a través da Confederación Hidrográfica do Cantábrico, e pola Comunidade Autónoma do País Vasco, a través da autoridade hidráulica competente, para a consecución de, polo menos, os seguintes obxectivos de coordinación:

a) A elaboración do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Oriental mediante a integración harmónica dos plans hidrolóxicos das administracións públicas competentes, así como os seus respectivos programas de medidas.

b) O intercambio de información, a emisión de informes e a realización de reunións periódicas.

c) O impulso da adopción de medidas necesarias para alcanzar os obxectivos ambientais.

d) A coordinación do exercicio das respectivas competencias.

2. O desenvolvemento dos obxectivos sinalados articularase a través dun convenio de colaboración entre as autoridades competentes mencionadas no número anterior.

3. Co fin de garantir a unidade de xestión nesta demarcación hidrográfica, o convenio de colaboración preverá a creación dun órgano colexiado de coordinación e adoptarse de común acordo o seu obxecto, composición e funcións.

A creación deste órgano non afectará a titularidade das competencias que nas materias relacionadas coa xestión das augas correspondan ás distintas administracións públicas.

O órgano colexiado de coordinación contará, en representación da Administración xeral do Estado, con dous vogais do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e dous vogais que representen os restantes departamentos ministeriais; en representación das comunidades autónomas, catro vogais da Comunidade Autónoma do País Vasco, un vogal da Comunidade Foral de Navarra e un vogal da Comunidade Autónoma de Castilla y León, e en representación das entidades locais, dous vogais.

Para os únicos efectos de realizar a convocatoria e moderar as sesións existirá unha presidencia, que se desempeñará por rotación anual entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas representadas neste órgano.

As funcións de secretaría do Comité realizaranse nos termos en que se prevexa no convenio de colaboración.»

Cinco. Engádesse unha nova disposición adicional sétima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Cooperación coa Comunidade Autónoma de Galicia.*

A Administración xeral do Estado, a través da Confederación Hidrográfica do Cantábrico, establecerá coa Comunidade Autónoma de Galicia os mecanismos que posibiliten a cooperación na xestión da auga, no marco das súas respectivas competencias.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.*

Modifícase o número 1 do artigo 1.º do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. *Confederación Hidrográfica do Cantábrico.*

Comprende o ámbito territorial da zona terrestre da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Occidental, así como a parte española da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Oriental, no ámbito das competencias do Estado.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de xaneiro de 2011

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO